


TALENTO INVESTIGADOR



Prezada comunidade:

ECOBAS se atopa en proceso de ampliación do equipo investigador para o cal continúa aberta a **chamada á ADSCRICIÓN para novas incorporacións de persoal investigador a ECOBAS**. A información completa desta convocatoria está publicada na web do noso Centro e animámosvos a difundila nas tres Universidades do SUG para axudarnos a garantir que todas as persoas interesadas poidan dispoñer dela e concurrir a este proceso.

- PRAZO: aberto **ata o 20 de setembro de 2024 ás 23.59 h**
- PERSOAS DESTINATARIAS: persoal investigador de **nova incorporación**
- BASES e Anexos accesibles en www.ecobas.gal
- Imprescindible a presentación das expresións de interese a través do formulario online habilitado



CHAMADA Á ADSCRICIÓN

- PARA NOVAS INCORPORACIÓNS
- PERSOAL INVESTIGADOR DO SUG

AXENDA



>>> XORNADA DE PORTAS ABERTAS | "O CAMIÑO Á NEUTRALIDADE CLIMÁTICA: REFLEXIÓNS DESDE GALICIA E EUROPA"

MARTES
10/09
10:00 h

O Pacto Verde Europeo é a folia de ruta da Unión Europea para buscar a neutralidade climática para 2050. Entre as medidas activadas existe un amplo paquete legislativo que contén varias leis revisadas interconectadas e novas propostas de lei sobre o clima e a enerxía.

Co fin de compartir a visión dos axentes públicos e privados en torno a este ambicioso escenario, ECOBAS organiza a presente Xornada, na que o investigador posdoutoral **Pol Fontanet** dará conta dos resultados do proxecto 4iTraction, o que nos permitirá valorizar as aportacións da investigación en Ciencias Sociais á normativa vinculante que xa está en marcha.

O encontro será inaugurado pola **Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez**, e entre os relatores convidados contaremos coa **Directora de Mercados de Carbono e Mobilidade Limpa da Comisión Europea, Beatriz Yordi**.

- Actividade **presencial**. Sede do Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela.
- **IMPRESINDIBLE** inscrición previa AQUÍ.



[DESCARGAR PROGRAMA](#)

>>> WEBINAR: CONVOCATORIA PARA ADSCRICIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR DE NOVA INCORPORACIÓN

XOVES
12/09
12:00 h

QUERES FORMAR PARTE DO NOSO EQUIPO INVESTIGADOR? ECOBAS, único Centro de Investigación Interuniversitario recoñecido como Centro Colaborativo pola Xunta de Galicia na convocatoria de axudas 2024-2027, cofinanciada pola Unión Europea, atópase en plena etapa de crecemento e polo tanto na busca **talento investigador para a ampliación da súa base de persoal membro acreditado**.

Así pois, con motivo da convocatoria de adscrición aberta ata o vindeiro 20 de setembro, a directora científica de ECOBAS, **María L. Loureiro**, compartirá neste webinar as **claves do proxecto estratéxico** do noso Centro e resolverá calquera dúbida relacionada coa **presentación de candidaturas**.

ACTIVIDADE ONLINE: REXISTRO PREVIO [AQUÍ](#)

Se es persoal investigador do SUG e consideras que os teus obxectivos de investigación están aliñados coa axenda científica de ECOBAS, esta oportunidade é para ti. Agardámoste!!



AXENDA



>>> XORNADA SOBRE ENVASES ALIMENTARIOS SOSTIBLES



XOVES
12/09
9:30 h

O Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga) organiza este encontro en Santiago de Compostela para situar ás empresas no novo marco legislativo en materia de envases de produtos alimentarios e as obrigas que implica, aspectos dos que se encargará o investigador de ECOBAS **J.J. Pernas**.



- Actividade **presencial**. Sede de FEUGA. Santiago de Compostela.
- IMPRESINDIBLE inscrición previa AQUÍ antes das 14.00 h do 11 de setembro.

>>> 1º REUNIÓN DA REDE ESPAÑOLA DE TEORÍA MICROECONÓMICA



VENRES
13/09
9:00 h

O investigador de ECOBAS **Gustavo Bergantiños**, coa colaboración de membros do CITMAGA e a Universidade de Málaga, organiza a primeira reunión da Rede Española de Teoría Microeconómica. Será o 13 de setembro no Hotel Cidade de Vigo e toda a información se atopa na web oficial do evento.



>>> XORNADA "CONTRATACIÓN PÚBLICA ESTRATÉXICA DE XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS: RECOMENDACIÓN E BOAS PRÁCTICAS"



23 e 24
SETEMBRO

En colaboración coa UDC e FEGAMP, o investigador de ECOBAS **J.J. Pernas** organiza a II Xornada Economía Circular Local (ECIL) co obxectivo de analizar a realidade da contratación pública da xestión dos residuos municipais, concretamente os contratos de recollida e transporte de residuos e os de tratamento.

- Actividade presencial. Salón de Actos do Cersia.
- R/do Alcalde Raimundo López Pol. Santiago de Compostela (Ver ubicación)
- Destinatarios: responsables políticos, técnicos municipais e profesionais vinculados á xestión de residuos municipais; estudantes de grao e público xeral.



Ligazón ao formulario de inscrición

AXENDA



>>> INFO DAY PROGRAMA DO EUROPEAN RESEARCH COUNCIL E CONVOCATORIA SYNERGY GRANT

MARTES
24/09

a Axencia Galega de Innovación presenta o Programa de traballo do ERC 2025 e a actual convocatoria Synergy Grant, financia consorcios dun número reducido de IP —de dous a catro—, que poidan acreditar unha dilatada traxectoria persoal de logros científicos significativos, e que traballen conxuntamente para dar resposta a retos científicos que non poden abordarse de maneira individualizada.

- Lugar: Sede da Axencia Galega de Innovación (Rúa Airas Nunes s/n, Santiago de Compostela)
- Horario: 10:00 a 13:30 h
- Modalidade: presencial
- Prazo de inscrición: ata o día 19 de setembro ás 14:00 h
- [Descargar programa detallado](#)
- [Acceso ao formulario de inscrición para este evento](#)



>>> AULA ABERTA ECOBAS | “DESCARBONIZANDO A ECONOMÍA: LUCES E SOMBRAS NA TRANSICIÓN ENERXÉTICA”

XOVES
26/09

SAVE THE DATE!!! Afondando no desafío da transición enerxética, ECOBAS celebrará na Coruña unha nova edición da súa “Aula Aberta”, nesta ocasión coa intervención de Jorge Blázquez, Senior advisor for the energy transition and systems analysis da compañía multinacional BP e membro do Consello do British Institute for Energy Studies.

- Actividade **presencial**. A Coruña.
- Información detallada e acceso á inscrición, proximamente.



>>> ECOBAS NA G-NIGHT 2024

VENRES
27/09

Volve a noite europea das persoas investigadoras e de novo a G-Night contará con persoal de ECOBAS protagonizando actividades divulgativas das Ciencias Sociais nalgunhas das principais cidades galegas o derradeiro venres de setembro.



Na mesma data despregaremos tamén un espazo ECOBAS na expo-feira científica no Edificio Redeiras da Universidade de Vigo, onde daremos a coñecer como a investigación en Ciencias Sociais contribúe a crear unha sociedade máis xunta. A información polo miúdo estará accesible nos próximos días na [web oficial da G-NIGHT](#). Stay tuned!

PRODUCCIÓN
CIENTÍFICA



>>> NOVAS PUBLICACIÓNS DE PERSOAL INVESTIGADOR ECOBAS

Martínez-Roget, Fidel; Rodríguez, Xosé A.; Loureiro, María L. (2024)

[Crises and the Demand for Tourism: A Territorial Perspective](#)

International Journal of Tourism Research

Teixidó, Jordi J.; Palencia-González, F. Javier; Labeaga, José M.; **Labandeira, Xavier** (2024)

[Carbon Leakage from Fuel Taxes: Evidence from a Natural Experiment](#)

Environmental and Resource Economics

Bastida, María; Vaquero García, Alberto; & Vázquez Taín, M. Ángel. (2024)

[Construyendo un futuro sostenible: la intención emprendedora de las mujeres en la Economía Social](#)

CIRIEC-España, Revista De economía Pública, Social Y Cooperativa, (111), 69-95.

Maside-Sanfiz, J.M., López-Penabad, MC., Iglesias-Casal, A. et al.

[Determinants of the profitability of Sheltered Workshops: efficiency and effects of the COVID-19 crisis](#)

Humanit Soc Sci Commun 11, 936

Gómez, Manuel A.

[Elasticity of substitution, long-run growth, and convergence speed: A general framework](#)

International Journal of Economic Theory

García-Torres, S.; **Rey-García, M.**; Sáenz, J. (2024)

[Enhancing sustainable supply chains through traceability, transparency and stakeholder collaboration: A quantitative analysis](#)

Business Strategy and the Environment

Saifulina, N.; Carballo-Penela, A.; Ruzo-Sanmartín, E. (2024)

[Harmonious environmental passion and voluntary pro-environmental behavior at home and at work: a moderated mediation model to examine the role of cultural femininity](#)

Environment, Development and Sustainability

Jardón, Carlos M.; Martínez-Cobas, X. & Shakina, E. (2024)

[Human capital and border effect: The case of Minho River area](#)

Papers in Regional Science

Mareque, Mercedes; Escaloni, Susana (2024)

[Is there a gender gap in audit fees in Spain? Explaining the variables involved in audit fees](#)

South African Journal of Accounting Research

Pernas, Juan José (2024)

[La utilización de la huella de carbono en la preparación de contratos públicos](#)
Posibilidades y límites de un proceso en construcción

Revista Aragonesa de Administración Pública

Ruzo-Sanmartín, E.; Abousamra, A.A.; **Otero-Neira, C.**; & Svensson, G. (2024)

[The inside-out dynamics of supply chain integration: the interplay of information technology integration with and by suppliers](#)

The International Journal of Logistics Management

ACTUALIDADE EQUIPO ECOBAS



>>> O “GRUPO JEAN MONET DE COMPETENCIA Y DESARROLLO” DA UDC RENOVA A SÚA CATEGORÍA COMO GRC ATA 2027



Liderado pola secretaria científica de ECOBAS, **Emma Iglesias**, o Grupo Jean Monte de Competencia y Desarrollo da UDC vén de renovar a categoría de máximo prestixio como Grupo de Referencia Competitiva (GRC) na convocatoria de axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento no Sistema Universitario de Galicia (SUG), realizada pola Xunta de Galicia. Esta liña de subvencións financia estruturalmente a grupos de investigación dependendo de publicacións, patentes, teses dirixidas e proxectos acadados nos tres últimos anos.



>>> PROXECTO MAEDU SOBRE EMPRENDEMENTO DIXITAL NAS UNIVERSIDADES



Deseñar, implementar e avaliar modelos que permitan o desenvolvemento da competencia dixital na universidade española. Con este fin arrancou hai poucos meses a investigación para o proxecto MAEDU - “Marco de Análise para o Emprendemento Dixital en Universidades”, que pretende profundizar no coñecemento da competencia de emprendemento dixital en torno aos tres axentes principais que interveñen na formación universitaria (alumnado, profesorado e a propia institución universitaria). Con este enfoque traballa o equipo conformado por persoal de distintas universidades de toda España, entre os cales se atopa a investigadora de ECOBAS Mercedes Mareque.

A información detallada sobre o plan de traballo e as novidades relacionadas está accesible na web oficial do proxecto: [MAEDU web oficial](#)

>>> NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Vaquero García, Alberto. Artigo sobre o informe para CC.OO. sobre medidas de igualdade nos convenios colectivos

[Hacia los convenios colectivos de la conciliación](#)

La Voz de Galicia, suplemento Mercados

Álvarez García, Begoña & **Pociña Sánchez, Brais**

[La inclusión financiera como factor clave para el desarrollo sostenible](#)

The Conversation

Presentación do Informe Ardán

[Casi 1.300 empresas gallegas consiguen al menos un indicador Ardán de excelencia](#)

ABC Galicia

Descarbonización enerxética

[Conversa co investigador de ECOBAS Miguel R. Méndez](#)

RADIO GALEGA, programa ‘Convivir’ (a partir do min 31’15”)

COMUNIDADE



>>> CALL FOR PAPERS | XI XORNADAS USUARIOS R EN GALICIA



A Facultade de Matemáticas da USC acollerá o 24 de outubro de 2024 a celebración da undécima edición das xornadas para usuarios de R en Galicia.

A chamada para a presentación de relatorios está **aberta ata o 30 de setembro** e [nesta ligazón](#) se detallan os requisitos que deben cumprir os resumos dos traballos.

>>> II PREMIO “GALICIA RENOVABLE” DA CÁTEDRA GREENALIA-UDC PARA TFG E TFM SOBRE TRANSICIÓN ENERXÉTICA



Poderá participar o alumnado dunha titulación de grao ou mestrado en calquera das universidades galegas do SUG que presenten o seu TFG ou TFM entre o 27 de setembro de 2023 e o 20 de setembro de 2024.

O **prazo** de recepción de solicitudes foi ampliado **ata o 20 de setembro de 2024**.

O xurado avaliará as solicitudes no mes de setembro de 2024.

>>> MEDALLAS DE INVESTIGACIÓN DA RAGC

As “Medallas de investigación da Real Academia Galega de Ciencias” recoñecen a traxectoria de científicos e científicas en activo, con actividade consolidada, desenvolvida maioritariamente en Galicia:

- Outorgaranse 5 medallas, unha por cada sección da RAGC
- “Medalla Domingo García-Sabell Rivas” no ámbito das CC. Económicas e Sociais
- Prazo de presentación de candidaturas **ata o 13/09/24**



[Ligazón ás bases da convocatoria](#)

ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS <<<

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



www.ecobas.gal

